

ÍNDICE

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.-COMPETENCIAS CLAVE

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

-
1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
 2. .Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
 3. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
 4. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
 5. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
 6. .Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
 7. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
 8. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais.
 9. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
 10. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.
 11. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
 12. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.
 13. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.
 14. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
 15. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
 16. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.
 17. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
 18. Diferencia entre clima e tempo atmosférico.
 19. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.
 20. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
 21. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.
 22. Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
 23. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.
 24. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.
 25. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
-

2.-.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e reconece algunha das súas características básicas empregando as TIC.

Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.

Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.

Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais.

Identifica, nomea e describe as capas da Terra.

.Reconece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.

. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.

Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que

producen a formación das nubes e as precipitacións.

Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.

Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.

Escrebe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.

Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.

Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.

Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 1º E 2º AVALIACIÓN

ÁREAS	INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN	%	INDICADORES
	Pruebas escritas / orales Se realizará una prueba por cada unidad didáctica. Prueba puntual referida Comprensión y memorización de vocabulario. Realización de ejercicios individuales y.	60%	-Memoriza y comprende conceptos. -Utiliza el vocabulario específico del área. -Participa en los distintos tipos de agrupamientos. -Desarrolla procesos de investigación.. -Utiliza técnicas de trabajo y de estudio para la mejora de su aprendizaje: organización del cuaderno de clase, formula preguntas para aclarar dudas.
	Observación y Registro de Trabajo aula	25%	-Realiza en su cuaderno las correcciones correctas hechas en la pizarra, por el profesor o por un compañero. -Realiza correctamente los trabajos. -Muestra regularidad y esfuerzo en el trabajo personal. -Es puntual en la entrega de trabajos -Organiza y presenta de manera adecuada los trabajos. -Participa activamente utilizando la lengua inglesa, tanto con el maestro como con los auxiliares de conversación- -Termina las tareas en el tiempo establecido. -Relaciona los contenidos con su experiencia y conocimientos previos. -Investiga y amplía los contenidos vistos en clase -Sabe trabajar individualmente y de forma cooperativa. -Expone proyectos de manera adecuada.
	Observación y registro de Actitud y comportamiento	10%	-Muestra una actitud positiva hacia el área concreta de conocimientos; atención, interés, participación... -Respeto las normas de clase. -Respeto el Plan de convivencia -Colabora con el grupo, respeta la intervención de sus compañeros-

	Registro de tareas en casa	5%	-Estudia, repasa y realiza las actividades propuestas. -Presenta las tareas en el plazo establecido.
--	----------------------------	----	---

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz. En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% - Nota da 1º Avaliación

40% - Nota da 2º Avaliación.

20%- Actividades repaso e reforzo das avaliacións anteriores.

Valorando:

- O traballo na casa

Instrumentos utilizados:

Actividades de reforzo e repaso dos contidos da 1º e 2º avaliación.

3.-COMPETENCIAS CLAVE

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	x	x	x	x			
.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.		x		x		x	
Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.		x		x	x		
Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	x	x			x		
Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.		x	x				
.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	x	x					
Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	x	x					
Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais.	x	x					
Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	x	x					
Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.	x	x		x			
Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	x	x					
Orientase no espazo empregando		x		x			

algunha técnica de orientación e instrumento.							
Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.	x	x					
Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.		x	x	x			
Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.		x		x		x	
Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.		x		x			
Diferencia entre clima e tempo atmosférico.		x					
Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.	x	x					
Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.		x		x			
Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.	x	x					
Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	x				x		
Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.	x				x		
Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	x				x		
Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	x				x		
Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficos sinxelos.	x	x			x		
Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	x	x					
Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.					x		

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

Establécense os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade. O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais. Por último, neste apartado destaca a importancia que ten o traballo en equipo.

O mundo no que vivimos,

Realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de

fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español.

Vivir en sociedad

Será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.

En canto a metodoloxía propia da área especificamos a seguinte:

É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

- Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.
- Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.
- O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado

Por último, establécense as seguintes **orientacións metodolóxicas**:

- ✓ Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un **enfoque globalizador e interdisciplinario** que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Para facilitar os avances individuais nesta situación de estado de alarma, teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de contidos siga un proceso natural.

- Elaboración e utilización dunha **gama ampla de recursos ou medios con fins educativos, especialmente pensados para o reforzo e repaso das primeiras avaliacións** que suplen a clase presencial tradicional: edición impresa ou dixital de materiais didácticos de apoio, materiais audiovisuais .
- **Sistema de apoio baseado no concepto de tutoría**, o guía ao alumno a distancia ao longo do seu proceso de aprendizaxe. Ademáis brindamos ao alumno a posibilidade de ter o apoio, a orientación e guía dos titores ao longo do terceiro trimestre.
- **Encontros presenciais regulares entre titores e alumnos**
- Ao mesmo tempo, queremos destacar especialmente o importante cambio de rol que o estudante debe asumir neste sistema a distancia na dirección do desenvolvemento dunha **aprendizaxe activa e autónoma**

Para isto é necesario que o alumno asuma un **papel activo** , con **capacidade de autorregulación** como estudante

ENTRE AS ACTIVIDADES PROPOSTAS ESTÁN:

- Reforzo do primeiro e segundo trimestre de **Ciencias Sociais** con cuaderniños de actividades e links de webs que permiten repasar as asignaturas a través de xogos ou actividades dixitais.
- Para repasar Ciencias sociais teñen unha canle de youtube que utilizamos habitualmente na aula ordinaria, trátase de **EDUTECA**, onde repasarán as unidades propostas nestas semanas como:

❖ C.Sociais- Todos convivimos:

- O concello
- Traballadores municipais
- As eleccións

- Viaxamos ao espazo
- O Universo
- Os Planetas
- As Estrelas
- Os Cometas

_Que hain a Terra?

- As capas da Terra
- Capas da xeosfera
- Capas da Atmosfera



ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

- En canto as titorías individuais, a APP **Klassroom** danos a posibilidade de crear chats abertos ás 12 horas do día para poder resolver dúbidas ou charlar cos nenos de calquera dúbida que lles surda.
- Ademais, os venres, cada pai mandará imaxes ou pdf das actividades feitas polos alumnos durante a semana para a súa corrección a través do mail ou o chat individual da APP.
- Ás 11 da mañá conectaránse os nenos a través de videochamada múltiple para solventar dúbidas ou simplemente socializar para non perder o contacto nin coa profesora nin cos seus compañeiros de aula. A videochamada realizarase mediante Jitsi meet, agregada á APP Klassroom..

5.- INFORMACIÓN A ALUMNOS DURANTE A SITUACIÓN DE ALARMA

Debido ás circunstancias que estamos a vivir dende o 16 de marzo de 2020, a clase de 3º de primaria do CPR Plurilingüe Hermanos Quiroga, a aula de 3ºA, decidiu comunicarse cos seus alumnos a través da APP **Klassroom**.



Esta APP ten a capacidade de comunicación grupal, a través da cal, envío as tarefas semanais que os nenos deberán facer, dosificando o número de exercicios a realizar segundo a decisión dos pais.

As actividades son de ampliación e reforzo dos contidos dados ata o momento da situación de alarma sanitaria no noso país.



A publicidade xeral, faise a través da APP da Xunta, Abalar, mediante a cal infórmase aos pais dos alumnos das propostas previstas polo centro para a atención á diversidade, Orientacións, Notas e demais información importante para as familias.